

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2020 - 2021

CENTRO : IES AGRA DO ORZÁN  
DEPARTAMENTOS : LATÍN E GREGO  
MATERIAS E CURSOS :  
CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO  
LATÍN – CURSO 4º ESO

## ÍNDICE

1. Plan de adaptación á situación COVID-19.

(Páxinas 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 46 e 47)

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para a modalidade de ensino presencial.

(Páxinas 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 39, 40, 46 e 47)

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para a modalidade de ensino semipresencial ou non presencial.

(Páxinas 21, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39,40, 46 e 47)

4. Avaliación e cualificación.

(Páxinas 39, 40, 41, 45, 46, 47 e 48)

5. Metodoloxía.

(Páxinas 16, 41, 42, 43 e 44)

6. Información e publicidade.

(Páxina 49)

## Introdución xeral

Con esta materia preténdese dotar a todos os alumnos e as alumnas da Educación Secundaria Obrigatoria dun coñecemento suficiente sobre a contribución do mundo clásico á civilización occidental nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico e lingüístico para coñecelos e para que comprendan mellor o seu propio mundo, fortalecendo deste xeito a súa conciencia histórica e a súa capacidade crítica.

Así, esta materia pretenden contribuír a que os alumnos e as alumnas da ESO adquiren unha formación intelectual e humanística de carácter integral, mediante o coñecemento dunhas parcelas do saber que configuran as raíces máis sólidas e profundas da nosa lingua e da nosa cultura.

-----  
*O seu carácter opcional fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha grande flexibilidade para adecualo á realidade do noso centro e do seu alumnado.*  
-----

O "**Plan de adaptación á situación COVID-19**" inclúe as seguintes adaptacións na Programación

Didáctica:

1. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019-2020.
2. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial.
3. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas ou non impartidas.
4. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.
5. Plan de reforzo e recuperación.

## CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles impartidas e non impartidas

Impartíronse as aprendizaxes seguintes no curso de Cultura Clásica 3º ESO:

- Características da xeografía, épocas da historia e principais acontecementos.
- Características da sociedade, das formas de goberno, do exército, do espazo público da cidade, da relixión, da familia e da educación.
- Identificación de elementos da mitoloxía, da literatura e da arte.
- Hispania romana.
- Herdanza do pasado grecorromano, costumes, leis, arte e educación.

Só se impartiron de forma parcial as aprendizaxes relativas a:

- Identificación de elementos da mitoloxía, da literatura e da arte.
- Hispania romana.
- Herdanza do pasado grecorromano, costumes, leis, arte e educación.

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial

No Anexo II están os resultados da observación do traballo realizado nos primeiros días de curso que serven para detectar necesidades de aprendizaxe, capacidade no cumprimento das tarefas, ritmo de traballo, organización...

## ANEXO II

### ESPECIFICACIÓNS NO TRATAMENTO DOS CONTIDOS DA AVALIACIÓN INICIAL E

### ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS POLO ALUMNADO DO GRUPO DE CULTURA CLÁSICA

Contidos da Avaliación Inicial:

Traballamos os tres bloques de contidos :

Bloque 1: Grecia e Roma como civilizacións históricas singulares.

Bloque 2: A herdanza da cultura clásica.

Bloque 3: As expresións latinas e a etimoloxía.

Unidade de Introducción:

Traballamos o Bloque 2: A herdanza da cultura clásica.

Temporalización: mes de outubro.

Apertura da unidade:

Enfoque da unidade. Nesta unidade, os alumnos e as alumnas lograrán identificar e definir a cultura clásica,

as linguas clásicas, a tradición clásica e a permanencia desta cultura na Idade Media e na Idade Moderna.

O que os alumnos xa coñecen. Os alumnos recoñecen a tradición clásica na democracia, a filosofía, a

literatura, o dereito, o urbanismo e a arte.

## CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

Previsión de dificultades. É posible que existan algunhas dificultades para identificar o significado da palabra cultura e para diferenciar linguas clásicas, tradición clásica e permanencia da cultura clásica.

Contidos da unidade:

- A cultura clásica.
- As linguas clásicas: o grego e o latín.
- O humanismo.
- A tradición clásica.

Incidimos na diferenciación no legado clásico: filosofía, literatura, arte e urbanismo.

- Interpretación e superación dos grandes filósofos.
- Tradución, estudo e imitación da literatura clásica.
- Trazado urbanístico e edificios públicos.

Proposta de actividades para o alumnado, detección de dificultades e resultados obtidos:

Actividades de aprendizaxe cooperativa pensando en grupo para diferenciar no uso os termos estudados, e para valorar as pegadas da cultura clásica na cultura propia.

Dificultades: delimitar os conceptos de cultura e de dinámica cultural.

Resultados obtidos: Pouco satisfactorios.



## CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

Nivel de atención medio.

Nivel de participación: non houbo participación.

Competencias traballadas: AA, CSC, CEEC.

Unidade 1:

Traballamos os tres bloques do curso.

Bloque 1: Grecia e Roma como civilizacións históricas singulares.

Bloque 2: A herdanza da cultura clásica.

Bloque 3: As expresións latinas e a etimoloxía.

Temporalización: mes de outubro.

Apertura da unidade:

Enfoque da unidade. Nesta unidade, os alumnos e as alumnas aprenderán o marco das civilizacións grega e romana. Farán un percorrido pola xeografía da Hélade, Italia e Hispania unindo os coñecementos dos personaxes e dos lugares fabulosos da literatura, dos heroes da mitoloxía, da arqueoloxía, das polis, das colonizacións gregas, dos primeiros filósofos, da fundación da cidade de Roma, da expansión romana e das pegadas da romanización en Hispania.

O que os alumnos xa coñecen. Os alumnos xa coñecen o espazo físico e temporal no que se desenvolveron ambos os dous pobos.

Previsión de dificultades: Na aprendizaxe dos conceptos fundamentais, áreas da xeografía, situación nelas de determinadas cidades e accidentes xeográficos; na configuración da cidade de Roma; na adquisición de vocabulario.

Contidos da unidade:

- Grecia na Antigüidade.
- Italia na Antigüidade.
- España na Antigüidade.

Proposta de actividades para o alumnado, detección de dificultades e resultados obtidos:

a) Actividades de desenvolvemento dos contidos.

Traballa coa imaxe:

1.- Observa os mapas da Unidade 2 e responde a estas preguntas:

- a) Localiza no mapa as áreas da xeografía de Grecia que estudaches.
- b) Atenas e Esparta foron dúas cidades protagonistas da historia de Grecia: localízalas no mapa.

c) Identifica no mapa as rexións, illas e cidades gregas que estudaches.

2.- Completa a información coa lectura do tema no teu libro de texto e, sobre un mapa mudo de Grecia, sinala os mares, ríos e montañas.

b) Actividades de reforzo e ampliación.

Investiga:

3.- Algúns nomes de cidades, illas, etc. están ligados a mitos gregos. Infórmate sobre os seguintes e describe brevemente que papel desempeñaron na mitoloxía: Troia, Ítaca, Olimpo e Parnaso.

4.- O xeógrafo grego Estrabón adica á península ibérica o Libro III da súa obra Xeografía. Cal é o seu interés?

5.- Coñeces datos sobre a península ibérica nas obras doutros xeógrafos e historiadores antigos?

6.- Busca información sobre os mitos:

- Columnas de Hércules.

- Xardín das Hespérides.

- Atlántida.

c) Actividades sobre un texto.

Expresa a túa opinión.

7.- Cal cres que foi a actitude dos antigos gregos cara ao mar?

8.- Dirías que tiñan prevención e temor cara ao mar, ou ben dirías que tiñan predisposición a emprender viaxes e aventuras por el?

9.- Cales eran as razóns que impulsaban aos homes a lanzarse á aventura de navegar?

10.- Na maioría dos promontorios costeiros existían templos consagrados ás divindades do mar. Cales poden ser as razóns para iso?

d) Visionado dunha actividade interactiva dixital na sesión de clase:

Diapositivas sobre a Grecia actual.

e) Actividade de expresión escrita para realizar na casa:

Descrición dunha paisaxe costeira.

f) Visionado dunha actividade interactiva dixital na sesión de clase:

Os primeiros filósofos.

g) Visionado dunha actividade interactiva dixital na sesión de clase:

A viaxe de Eneas.

h) Actividade de coñecementos previos presentada na sesión de clase.

Hispania.

Dificultades: Non houbo dificultades.

Resultados obtidos: Satisfactorios.

Nivel de atención: medio -alto.

Nivel de participación: medio.

Nivel de adquisición de coñecementos medio-alto, naqueles casos nos que foi entregada a tarefa.

Competencias traballadas: CCL, AA, CD, CEC, SIE.

## CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

Incorporación das aprendizaxes non impartidas.

O curso de Cultura Clásica 3º de ESO é un nivel inicial desta materia na Educación Secundaria Obrigatoria, e non é unha continuación das aprendizaxes do curso 2019-2020.

As aprendizaxes non impartidas ou parcialmente impartidas teñen tratamento diverso no Plan de reforzo e recuperación.

Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

En función da situación sanitaria, contémpanse os posibles escenarios de actividade lectiva presencial, actividade lectiva semipresencial e actividade lectiva non presencial.

As actividades deseñadas teñen un enfoque competencial e fomentan a participación do alumnado no proceso de aprendizaxe.

No Anexo I, da metodoloxía, atópanse algunhas propostas concretas de actividades deseñadas para o desenvolvemento das competencias e para a comprobación das aprendizaxes.

Contémpase unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria, mediante a programación de dúas propostas de contidos secuenciadas e mediante a adaptación da avaliación.

## Plan de reforzo e recuperación

A metodoloxía empregada para a consecución dos obxectivos didácticos marcados inclúe un Plan de reforzo e de recuperación con diferentes tipos de actividades.

- Actividades de introdución e coñecementos previos:

Guían o interese do alumnado no que se refire ao contido da unidade.

Empréganse para presentar con claridade os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos e erros dos alumnos e das alumnas acerca dos contidos que se van desenvolver.

- Actividades de desenvolvemento:

Son as que permiten traballar os contidos e as competencias clave da unidade.

- Actividades de síntese-resumen:

Son aquelas actividades que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos.

- Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos e alumnas do mesmo modo que aplicar as aprendizaxes.

Son as que se programan para os alumnos e as alumnas que non acadaron os obxectivos.

Son as que permiten profundar nos contidos a aqueles alumnos e alumnas que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.



## **Docencia en galego**

Inclúe a especificación concreta de obxectivos, actividades e medidas de atención á diversidade:

Obxectivos didácticos:

- 1) As aprendizaxes da lingua oral e da lingua escrita efectúanse en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda.
- 2) Incídese na lingua como transmisora de significados culturais.

Actividades:

Dacordo coa nosa liña de traballo, no feito de promover a lingua e a cultura galega.

Esta dimensión reflíctese en forma de participación en conferencias, roteiros culturais, publicacións, así como na exaltación de datas sinaladas na cultura ou na tradición.

Medidas de atención á diversidade:

Inclúen actuacións dacordo coas seguintes consideracións sobre medidas de atención á diversidade no dominio das linguas e sobre medidas xerais de atención á diversidade.

A atención ao alumnado que non teña suficiente dominio das linguas para que poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, enmarcámola na atención á diversidade do alumnado en xeral. Este é un aspecto especialmente coidado no centro dado que o alumnado desde sempre é ben diverso e consideramos que é unha cuestión de equidade e xustiza prestar a cada un e a cada unha todos os espazos que sexan necesarios para que a súa evolución tanto académica como persoal sexa adecuada e desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Neste marco, para cada persoa se deseñan as medidas xerais e específicas que se consideren idóneas dentro das nosas posibilidades que sempre veñen condicionadas polos recursos materiais e humanos de que dispoñemos en cada momento.

### **Competencias clave**

- Son as diferentes capacidades de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas de forma adecuada cunha combinación de destrezas, contidos de tipo conceptual, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.
- Todas as persoas precisan as competencias clave para acadar a súa realización persoal, lograr a súa inclusión social, exercer a cidadanía activa, facer fronte á vida adulta e ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente.
- Son referencia para a titulación ao final da Ensinanza Secundaria Obrigatoria.
- Forman parte das ensinanzas mínimas da ESO, xunto cos obxectivos, cos contidos e cos criterios de avaliación.
- Non deben interpretarse como se fosen as aprendizaxes mínimas comúns. De feito, inclúen un conxunto de aprendizaxes desexables, máis amplos dos que poden considerarse mínimos en estricto senso.
- Deben relacionarse coa transversalidade, polo que, nalgúns supostos, non son medibles ou cuantificables.
- Serven para orientar o ensino e permiten identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.

O desenvolvemento competencial para a ESO na materia de Cultura Clásica inclúe as competencias CCL, AA, SIE, CSC, CEC e CD.

1. Comunicación lingüística :

Ler e comprender textos.

Descubrir a importancia do estudo do léxico.

2. Aprender a aprender :

Potenciar a adquisición de destrezas e actitudes para organizar a aprendizaxe.

Coñecer a orixe das palabras.

Selección e análise nos textos como fonte de información.

3. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor :

Adquisición de novo vocabulario para comunicarse no grupo.

Mellorar e fomentar o afán de superación : deben ser constantes no traballo e non renderse ante as dificultades.

Mellorar as habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e traballar xuntos de forma flexible.

4. Competencias sociais e cívicas :

Coñecer as institucións e o modo de vida dos gregos e dos romanos, a participación dos cidadáns na vida pública e a delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividade.

5. Conciencia e expresións culturais :

Apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral.

Valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión.

Respectar o patrimonio cultural clásico como fonte de coñecemento.

Comprender e empregar a linguaxe como medio de expresión cultural e social.

#### 6. Competencia dixital:

Empregar varias fontes para a busca da información.

Seleccionar o uso das distintas fontes da información.

Ainda que se integran coa información do curso e da materia , non existe unha relación unívoca entre a ensinanza da materia e o desenvolvemento da competencia, senon que cada unha das competencias acadarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

Desenvólvense con outras actuacións do instituto as competencias asociadas á convivencia, á cidadanía, á alfabetización dixital, aprender a aprender e habilidades sociais , pois a súa finalidade é integrar todas as aprendizaxes, tanto as formais, informais e non formais como as correspondentes á materia do currículo.

### **Obxectivos**

No estudo da materia de Cultura Clásica os obxectivos son coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade grecorromana e contribuír a que os alumnos e as alumnas da ESO adquiren unha formación intelectual e humanística de carácter integral.

O coñecemento do marco xeográfico e temporal e o coñecemento dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana desde as que se transmitiron artes, educación e costumes é unha referencia necesaria para valorar a súa unidade e tamén para valorar a diversidade de ámbitos e manifestacións.

O coñecemento do legado de Roma, do humanismo, o estudo dos clásicos, o estudo das expresións latinas e

o coñecemento do vocabulario de orixe grega e latina familiarizará aos alumnos e ás alumnas con coñecementos que lles son propios e favorecerá a motivación por aprender.

### **Contidos**

Distribúense en bloques que agrupan a adquisición de coñecementos: o primeiro bloque de contidos favorece a comprensión espacial e temporal do devir dos pobos, coñécense aspectos diversos polo que respecta á historia, á organización social, á relixión, á mitoloxía, á familia e a educación, á literatura, á arquitectura e o urbanismo, ó exército e á romanización de Hispania. O segundo bloque de contidos daralle ao alumnado ferramentas para recoñecer e valorar críticamente a achega da civilización grecorromana á cultura que lle é propia, para coñecer o humanismo e para recoñecer nas distintas épocas a transmisión da cultura antiga. O terceiro bloque de contidos explica a pervivencia e características do vocabulario de orixe grega e latina.

Bloque 1:

Grecia e Roma como civilizacións históricas singulares.

Bloque 2:

A herdanza da cultura clásica.

Bloque 3:

Expresións latinas e etimoloxía.

### **Criterios de avaliación, estándares avaliáveis e competencias clave**

Criterios de avaliación especificados nos estándares avaliáveis de aprendizaxe e rendemento e as competencias clave do Curso 3º de ESO e para a materia de Cultura Clásica:

PROPOSTA DIDÁCTICA PARA A MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

BLOQUE 1 - GRECIA E ROMA COMO CIVILIZACIÓNS HISTÓRICAS SINGULARES

BLOQUE 2 - A HERDANZA DA CULTURA CLÁSICA

BLOQUE 3 - AS EXPRESIÓNS LATINAS E A ETIMOLOXÍA

---

A cultura clásica:

- A lenda fronte á historia.
- O pensamento mítico fronte ao pensamento lóxico.
- O mito fronte á razón.

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos aspectos históricos e culturais do mundo grecorromano.	1.1. Le textos traducidos de autores clásicos e modernos e sinala a información relevante.	1.1.1. Comunicación lingüística
---	--	------------------------------------

O legado clásico:

- O humanismo.
- As sociedades grega e romana e as súas manifestacións artísticas e culturais: literatura, filosofía, arquitectura, política, relixión e arte.
- As fontes literarias.

CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

1. Recoñecer nas distintas épocas a transmisión da cultura clásica.	1.1. Identifica as características do marco xeográfico e temporal.	1.1.1. Aprender a aprender 1.1.2. Competencias sociais e cívicas 1.1.3. Conciencia e expresións culturais
	1.2. Coñece o significado das expresións latinas estudadas.	1.2.1. Aprender a aprender 1.2.2. Comunicación lingüística 1.2.3. Competencia dixital
	1.3. Identifica os tópicos literarios estudados.	1.2.1. Aprender a aprender 1.2.2. Comunicación lingüística 1.2.3. Competencia dixital
	1.4. Identifica os termos xurídicos do dereito romano estudados.	1.2.1. Aprender a aprender 1.2.2. Comunicación lingüística 1.2.3. Competencia dixital

A escritura das linguas:

- Os soportes da escritura.
- Os sistemas de escritura.
- A escritura alfabética.

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos aspectos históricos e culturais do mundo grecorromano.	1.1. Le textos traducidos de autores clásicos e modernos e sinala a información relevante.	1.1.1. Comunicación lingüística
---	--	------------------------------------

2. Coñecer a invención e a difusión da escritura.	2.1. Distingue os principais sistemas de escritura e describe as súas características.	2.1.1. Comunicación lingüística 2.1.2 Conciencia e expresións culturais
	2.2. Coñece a difusión da escritura alfabética.	2.2.1. Comunicación lingüística 2.2.1. Aprender a aprender
3. Coñecer as letras do alfabeto grego.	3.1. Coñece as letras do alfabeto grego.	3.1.1. Comunicación lingüística 3.1.2. Aprender a aprender 3.1.3 Conciencia e expresións culturais
4. Coñecer as letras do abecedario latino.	4.1. Coñece as letras do abecedario latino.	4.1.1. Comunicación lingüística 4.1.2. Aprender a aprender 4.1.3 Conciencia e expresións culturais

As linguas do mundo:

- Clasificación das linguas.
- As linguas indoeuropeas.
- As linguas clásicas.

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos aspectos sobre as linguas do mundo.	1.1. Le textos traducidos de autores clásicos e modernos e sinala a información relevante.	1.1.1. Comunicación lingüística
2. Coñecer a prehistoria dos pobos indoeuropeos, a súa expansión e a descuberta das linguas indoeuropeas.	2.1. Coñece a prehistoria dos pobos indoeuropeos e a súa expansión.	2.1.2. Aprender a aprender



CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

	2.2. Coñece a descuberta das linguas indoeuropeas no século XX.	2.2.2. Conciencia e expresións culturais
3. Coñecer a historia da lingua grega e da lingua latina.	3.1. Coñece a historia da lingua grega e da lingua latina.	3.1.1. Conciencia e expresións culturais
4. Coñecer xeiras do desenvolvemento do latín.	4.1. Coñece os períodos da historia da lingua latina e as características da lingua oral.	4.1.1. Comunicación lingüística
5. Coñecer o prestixio e a pervivencia da lingua latina.	5.1. Coñece científicos, humanistas e filósofos que empregaron o latín na súas obras.	5.1.1. Conciencia e expresións culturais

Vocabulario:

- Vocabulario (1): palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Vocabulario (2): latinismos, helenismos, lexemas, prefixos e sufixos.
- Vocabulario (3): palabras procedentes doutras linguas e razóns lingüísticas, históricas ou culturais.
- Vocabulario (4): neoloxismos.

1. Identificar palabras e elementos morfolóxicos das palabras.	1.1. Identifica palabras e elementos morfolóxicos das palabras.	1.1.1. Comunicación lingüística
2. Identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	2.1. Identifica palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	2.1.1. Comunicación lingüística
3. Coñecer o vocabulario específico da filosofía, da creación artística, da ciencia e da técnica.	3.1. Identifica os lexemas, prefixos e sufixos estudados.	3.1.1. Comunicación lingüística

O espazo público:

- A cidade: Atenas.
- A cidade: Roma.
- A democracia.

- A xustiza e o dereito.
- A economía.
- O exército.

1. Recoñecer o marco xeográfico e temporal.	1.1. Identifica as características do marco xeográfico e temporal.	1.1.1. Aprender a aprender 1.1.2. Competencias sociais e cívicas 1.1.3. Conciencia e expresións culturais
	1.2. Elabora esquemas das unidades e sitúa correctamente o espazo físico e temporal no que se desenvolveron ambos os dous pobos.	1.2.1. Aprender a aprender 1.2.2. Competencias sociais e cívicas 1.2.3. Conciencia e expresións culturais
2. Identificar as formas básicas de organización social e política e concibir a democracia como unha forma de goberno e un estilo de vida cidadá.	2.1. Sinala e describe aspectos básicos da organización social e política.	2.1.1. Aprender a aprender 2.1.2. Competencias sociais e cívicas 2.1.3. Conciencia e expresións culturais
3. Identificar a herdanza de Grecia e de Roma e coñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico.	3.1. Coñece as diferentes divisións administrativas de Hispania e as vías de comunicación.	3.1.1. Conciencia e expresións culturais
	3.2. Establece relacións entre determinados fitos fundamentais da historia de Roma e outros asociados a outras culturas.	3.2.1. Conciencia e expresións culturais

A relixión e a sociedade:

- A relixión grega e a relixión romana.
- O culto ao emperador.
- As Olimpíadas.
- A medición do tempo.
- Os espectáculos do circo e do anfiteatro.
- A familia.
- A educación.

1. Coñecer os deuses e as deusas de Grecia e de Roma, os heroes máis significativos, os santuarios e as formas de culto.	1.1. Identifica os deuses e as deusas coa súa denominación grega e latina, sinala as súas características, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	1.1.1. Aprender a aprender 1.1.2. Conciencia e expresións culturais
	1.2. Elabora esquemas das unidades.	1.2.1. Aprender a aprender 1.2.2. Conciencia e expresións culturais
2. Identificar as formas básicas de ocio: banquetes, festas e celebracións.	2.1. Sinala e describe aspectos básicos de ocio e analiza a súa finalidade.	2.1.1. Aprender a aprender 2.1.2. Conciencia e expresións culturais
	2.2. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos.	2.2.1. Conciencia e expresións culturais 2.2.2. Competencia dixital
3. Identificar a herdanza de Grecia e de Roma.	3.1. Realiza traballos de ampliación sobre a pervivencia da civilización clásica na composición da familia, os roles asignados aos seus membros e as etapas da educación.	3.1.1. Conciencia e expresións culturais 3.1.2. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

	3.3. Coñece a medición do tempo, o significado das palabras de orixe grecolatina e as expresións latinas relacionadas coa organización do tempo.	3.3.1. Aprender a aprender 3.3.2. Comunicación lingüística
	3.4. Le pasaxes seleccionadas de obras de libre elección sobre aspectos da Antigüidade.	3.4.1. Aprender a aprender 3.4.2. Comunicación lingüística

A mitoloxía, a literatura e a arte clásica:

- A mitoloxía.
- A literatura.
- A arte clásica.

1. Coñecer os mitos gregos e romanos.	1.1. Distingue mediante a lectura de textos expositivos e literarios os mitos e os heroes máis coñecidos e significativos.	1.1.1. Comunicación lingüística
	1.2. Coñece pasaxes da Iliada e doutras obras literarias.	1.2.1. Comunicación lingüística
2. Coñecer as calidades, as tarefas ou fazañas dos heroes gregos e romanos e o deus destino.	2.1. Distingue mediante a lectura de textos expositivos e literarios os mitos e os heroes máis coñecidos e significativos.	2.1.1. Comunicación lingüística
	2.2. Coñece pasaxes da Iliada e as accións da vida heroica de Aquiles.	2.2.1. Comunicación lingüística
3. Coñecer os autores e as obras dos grandes xéneros literarios en verso.	3.1. Coñece os trazos esenciais dos xéneros literarios en verso, os autores e as obras.	3.1.1. Comunicación lingüística
4. Coñecer os autores e as obras dos xéneros literarios en prosa.	4.1. Coñece diversas manifestacións literarias en prosa, pasaxes seleccionadas das obras e os seus autores.	4.1.1. Comunicación lingüística

CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO

	2.2. Coñece pasaxes da Iliada e as accións da vida heroica de Aquiles.	2.2.1. Comunicación lingüística
3. Coñecer os autores e as obras dos grandes xéneros literarios en verso.	3.1. Coñece os trazos esenciais dos xéneros literarios en verso, os autores e as obras.	3.1.1. Comunicación lingüística
4. Coñecer os autores e as obras dos xéneros literarios en prosa.	4.1. Coñece diversas manifestacións literarias en prosa, pasaxes seleccionadas das obras e os seus autores.	4.1.1. Comunicación lingüística
5. Coñecer as características esenciais das obras da arte clásica e a súa funcionalidade.	5.1. Recoñece nas imaxes as características esenciais da arquitectura grega e da arquitectura romana e identifica razoadamente mediante elementos visibles a orde arquitectónica e os monumentos máis importantes.	5.1.1. Conciencia e expresións culturais
